



ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Relacións Laborais

Resolución de inscrición e publicación da acta da comisión paritaria do convenio colectivo do sector de hostalería da provincia da Coruña, na que aclara o artigo 22.6 do convenio colectivo

Vista o texto da acta da reunión celebrada o 20.05.2015 pola comisión paritaria do convenio colectivo do sector de HOSTALERÍA da provincia da Coruña, na que aclara o artigo 22.6 do convenio colectivo publicado no B.O.P do 30.08.2013, de conformidade co disposto no artigo 90 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e na Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia

Esta Xefatura Territorial de Traballo e Benestar ACORDA:

1.º.–Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.º.–Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, 9 de xuño de 2015.

Xefa territorial de Traballo e Benestar

MARÍA PILAR CARIDAD ALONSO

ACTA DA COMISIÓN PARITARIA DO CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DE HOSTALERÍA DA PROVINCIA DA CORUÑA

En Santiago de Compostela, ás 11.00 horas do 20 de maio de 2015, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, reúnense as persoas a continuación mencionadas, en presenza de Celso Araujo Castro, xefe do Servizo de Negociación Colectiva e Xestión de Convenios do Consello Galego de Relacións Laborais.

Parte empresarial:

Emilio Vázquez Rey (Asociación de Hostelería de Ferrol).

José Antonio Riveiro Codesido (Asociación de Hostelería Compostela).

María José Cruces Rodríguez (Asociación de Hostelería Compostela, en calidade de asesora).

Alfonso Lara Faro (Asociación Empresarial de Hospedaxe da Coruña-HOSPECO).

Rafael Benito Cases (Asociación Empresarial de Hospedaxe da Coruña-HOSPECO).

Parte sindical:

CIG

Roberto Alonso Iglesias

UGT-Galicia

José Luis Otero Gendre

SN de CC.OO. de Galicia

José Francisco Mirás Pérez

O motivo da presente xuntanza é proceder a análise e valoración da consulta formulada a esta comisión por D. Roberto Alonso Iglesias, en calidade de secretario comarcal da Federación de Servizos da CIG de Compostela, a través do Consello Galego de Relacións laborais, e relativa aos artigo 22.6.º do convenio colectivo.

Logo do oportuno debate e exposición de posturas por todas e cada unha das representacións presentes nesta comisión, sobre a cuestión obxecto da presente xuntanza, procede reflectir en acta o seguinte.

Primeiro.—A presente comisión paritaria, por acordo unánime, adopta a seguinte resolución:

Aclaración do artigo 22.6 do convenio colectivo do sector de hostalería da provincia da Coruña.

Os días de libre disposición recollidos no parágrafo 6.º do artigo 22 do convenio colectivo en ningún caso necesitan xustificación por parte do traballador ou traballadora que os solicite, debendo, unicamente, preavisarse con 7 días de antelación.

Segundo.—Esta comisión acorda delegar en D. Ignacio Bouzada Gil, funcionario habilitado do Consello Galego de Relacións Laborais para levar a cabo a realización dos trámites de rexistro, depósito e publicidade do presente acordo ante a autoridade laboral competente.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza, sendo as 12.00 horas do día sinalado no encabezamento, estendéndose ao efecto a presente acta que asinan todos os asistentes en proba de conformidade.

2015/6549